

ACTIVIDADES EDUCACIÓN MUSICAL
2º CICLO

Ola a tod@s!! Espero que teñades pasado unha boa semana.

Vos propoño facer as seguintes actividades:

1. Aumentamos a 6 notas na actividade *Aprendo las notas Do, Re, Mi, Sol, La e Do' (do agudo)*. Coma sempre faino en LER E ESCRIBIR. Intenta cantalas xusto despois de que soen no piano. (Se che resulta doado proba tamén en ESCOITAR). (date conta que esta semana non temos a nota *Fa*)

<https://aprendomusica.com/const2/40aprendonotas6/aprendonotas6.html>

2. Os *Motivos Rítmicos* desta semana son feitos por uns animais moi torpes....Intenta axudalos e lémbtrate tamén de darlle ó stop ó vídeo despois de cada exemplo antes de que nos de a solución.

Noutro momento podes practicar os diferentes ritmos á túa velocidade con percusión corporal. Ten en conta que tes como guía un dos exemplos no vídeo, o outro o practicas lendo as figuras rítmicas.

- Podes experimentar das seguintes maneiras:

1. con palmas para comezar
2. con pitos ou chasquidos (inda que non che saian sonoros)
3. alternando palmas e golpe na mesa

O enlace é: <https://www.youtube.com/watch?v=wFzDz-g3MJw>

- Agora inventa ti con estes ritmos dúas secuencias de 4 pulsos
Lémbtrate que 1 pulso= 1 negra= 2 corcheas=1 silencio de negra

3. Seguimos escoitando. Colle papel, lapis e goma. Esta é unha audición un pouco máis longa porque conta unha historia moi interesante:

Enlace: <https://mariajesusmusica.wixsite.com/escucha-imagina8>

Dalle ó *play* en *Audición 8* e fai os pasos:

1. Escoita a música
2. Fai unha historia con escenas diferentes que cambian cando cambia a música.

Te das conta? É totalmente libre, o importante é imaxinar.

3. Vai arriba ao enlace que pon OBRA E COMPOSITOR/A, le o texto da esquerda e mira o vídeo 1.

Contestas ás seguintes preguntas:

-Que é o que máis te chama a atención do vídeo 1?

- Do vídeo 1, a melodía inicial enérxica a realizan os instrumentos de vento ou de corda?
(fíxate a partir do segundo 18)

- E a melodía doce a partir do segundo 54 que colectivo de instrumentos o fan?

4. Por último vai ao vídeo 2 e olla para o conto musical.

Enl: <https://mariajesusmusica.wixsite.com/escucha-imagina8/obra-y-compositor-a>

Coma sempre podes seguir facendo as actividades de semanas atrás que mais che gusten ou que aínda non puideches facer.

PARA OS PAIS:

-Optativo: atopei esta nesta aplicación gratuita (SÓ PARA ANDROID...) poden experimentar e repasar o nome das notas musicais e a súa altura en piano, xilófono... É para nenos bastante pequenos, pero a min o que me interesa é que toquen as notas e intenten repetir a altura. Tamén poden facer outras cousas como tocar a batería etc.

App para android:

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.orange.kidspiano.music.songs&hl=es>

- Vos lembro que de aquí ao futuro, de mandarme un vídeo facendo algún baile, ritmo, cantar, tocando... pídvos que os gravedes sen cabeza, cunha careta, de costas ou o que consideredes necesario (tema protección datos).

- Coma sempre, ide facendo segundo o tempo dispoñible, un exercicio pódese facer por partes en diferentes días.

Moitas grazas.